

O Grupo de Arquitectura de Computadores (GAC) da Universidade da Coruña (UDC), adscrito ao Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC), ten 15 anos de experiencia no campo dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX). Desenvolveu diversos proxectos en ámbitos como as infraestruturas, a ordenación do solo, a concentración parcelaria, a información meteorolóxica, o aproveitamento de terras e a xestión forestal. Os tipos de desenvolvemento que se realizan inclúen sistemas de información SIX-web, algoritmos de optimización de altas prestacións para a resolución de problemas con compoñentes espaciais, aplicacións para dispositivos móbiles, servizos web, módulos para aplicacións de escritorio, e visualización de conxuntos masivos de datos xeorreferenciados. Na maioría dos proxectos primase o uso de software libre e de estándares SIX.

Entre as ferramentas desenvolvidas ou nas que colaborou pódense citar o Sistema de Información de Terras de Galicia (SITEGAL), para a xestión do Banco de Terras (<http://sitegal.xunta.es>), MeteoSIX mobile, aplicación móbil para Android e iPhone que ofrece a información de predición numérica de Meteogalicia (<https://play.google.com/store/apps/details?id=org.meteogalicia.meteosix.mobile>, <https://itunes.apple.com/es/app/meteosix/id544696543?mt=8>), MeteoRoute, aplicación para Android e iOS que ofrece a predición meteorolóxica sobre rutas (<https://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.meteoroute>, <https://itunes.apple.com/es/app/meteoroute/id671691780?mt=8>), a API do MeteoSIX (http://servizos.meteogalicia.es/api_manual/gl/index.html), o visor xeográfico do Observatorio Raia (http://visor.marnaraia.org/visor_marnaraia/visor) e SIUXFor, sistema para a creación das Unidades de Xestión Forestal. O GAC tamén ten desenvolvido ferramentas experimentais para concentración parcelaria, permuta de parcelas entre particulares, apoio na elaboración de plans de ordenación municipal e visualización de datos tridimensionais, por exemplo datos de voos LiDAR.

Outra das liñas I+D+i nas que o GAC é experto é a computación de altas prestacións, aplicando as potencialidades dos equipos multiprocesador e multinúcleo e os clústers de computadores a distintos tipos de problemas, así como en tecnoloxías de procesamento na nube e Big Data.

Contacto:

Ramón Doallo Biempica
ramon.doallo@udc.es
Telf. (+34) 881 011 220

Facultade de Informática
Campus de Elviña s/n, 15071, A Coruña